

evento requirase un tanto, o grupo do subliño o concelleiro de Cultura, César Poza. Unhas 300 persoas gozaron das actuacións na Casa de Cultura de Riomaior, onde tamén se repartiu rosca e bebidas gratis entre os asistentes e tocou o grupo Tralobalo de Moreira.

En canto ós premios, o maíto Pequenos van medrando gañou o primeiro, dotado por 150 euros. O segundo (100 euros) foi para O maíto da tardiña, mentres que o terceiro (60 euros) recaeu en O maíto de Nores. Ademais, todos os grupos levaron 30 euros pola súa participación.

**EN POIO.** No concello poiense celebrouse a chegada da primavera por todo o alto. Houbo dos certames de maíto. Pola mañá o concurso estivo organizado polo Concello. Participaron ata sete grupos (Pimpín-Xuventude Sartal, Fontenla, Laretas, Todos contra o lume, Boureante, Pequecheiro e Mare Podium). O premio ó mellor maíto recaeu en Mare Podium. O galardón para a mellor copla foi para Pimpín-Xuventude Sartal.

Xa pola tarde, foi o Ateneo Combarro de Combarro o que celebrou o seu certame. Nesta ocasión, todos os maíto participantes foron gratificados cunha cuantía económica de 150 euros, unha rosca, ademais dun obsequio.

Este ano presentáronse maíto moi orixinais e cheos de colorido, coma non podía ser doutra forma. A Praza da Chousa, onde tivo lugar o evento, estivo chea de xente. O bo tempo tamén propiciou a alta afluencia de xente.

A música tampouco faltou. Foi o grupo de gaitas da Escola de Música Tradicional de Poio a encargada de animar ós asistentes.



Sete grupos presentáronse ante o concurso de maíto que organizou o Concello de Poio. Os máis pequenos cantaron varias coplas. DAVID FREIRE



Sete agrupacións participaron onte no XXVI Festival de Maíto celebrado na Casa de Cultura de Riomaior, en Vilaboá, que contou cunhas 300 persoas entre o público. Ademais da actuación dos cativos e da entrega de premios, repartíuse rosca e bebidas gratis entre os asistentes, que tamén gozaron do espectáculo do grupo Tralobalo de Moreira. FOTOS: DAVID FREIRE



De arriba a abaixo, o Maíto dos Estudantes, o Maíto do Dragón e o 50 aniversario do colexio San Fermín, os tres únicos participantes en Caldas, que levaron cadanseu premio. C. GÓMEZ

